

Mércores 23

Sala Ferrio ás 19h.

Entrega títulos de galego todas as persoas que teñan un título no Centro que se acheguen para recollelo.

X CERTAME LITERARIO DE SANT JORDI

O Centro Galego de Barcelona convoca o X Certame Literario de Sant Jordi:

1.- Pode participar quen o desexe con obras non premiadas noutros concursos.

2.- Convócase o concurso nas linguas e modalidades seguintes:

Lingua: Galego, Castelán e Catalán.

Modalidades: Prosa e verso.

Cada modalidade terá os seus premios.

3.- A extensión dos traballos deberá ser preferentemente breve.

Poemas: máximo 60 versos.

Prosa: máximo 20 páxinas.

4.- O premio consiste en "Libro e Rosa" e expedirase un diploma acreditativo.

5.- O Xurado estará formado por persoas cinguidas ó mundo da cultura.

6.- Cada obra entregarase nun sobre pechado con 4 copias onde figure o seu pseudónimo. Noutro sobre pechado dentro do anterior farase consta-lo nome, o enderezo e o número de teléfono do autor. Cada sobre

conterá só unha obra. En todos eles (sobres e na obra) deberá figurar o pseudónimo do autor.

7.- O prazo de entrega remata o 23 de Abril. Os traballos pódense enviar por correo ou entregalos na secretaría do Centro Galego de 17 a 22 horas.

8.- Os compoñentes e fallo do xurado darase a coñecer no transcurso dun acto lidas letras galegas a celebrar o 10 de maio ás 19h. no Concello de Barcelona .

9.- X Certame Literario de Sant Jordi dotado con 400 €, outorgarase á mellor obra de cada modalidade.

10.- As obras teñen que cumprir a lo menos un dos seguintes requisitos:

a) *Escrita en galego.*

b) *Escrita en Galego, Catalán ou Castelán ambientadas ou con referencias a Galiza .*

c) *Escrita en Galego, Catalán ou Castelán ambientadas ou con referencias á Galiza do exterior.*

11.- As obras non premiadas poderán recollese durante o mes de maio e xuño. As obras premiadas quedarán en poder da Entidade que as poderá publicar nos medios que crea oportunos.

Sábado 26

Sala Ferrio ás 19h.

Baile de salón e cea entrada de balde posteriormente celebrarase unha cea, importe sen confirmar.